

## Persoas destinatarias da xornada

Membros dos consellos reitores, directivos e técnicos das cooperativas, das asociacións de cooperativas, da administración e doutras entidades que teñan interese no cooperativismo, e público en xeral.

## Número de prazas

Prazas limitadas ata completar o aforo

## Diploma

Ás persoas asistentes á totalidade da xornada entregaráselles un diploma acreditativo.

## Inscripcións

As inscricións serán gratuítas e serán tramitadas por rigoroso orde de solicitude ata completar o aforo, polos seguintes medios:

- Correo electrónico: [info@stellaetours.com](mailto:info@stellaetours.com)
- Teléfono: 981 588 390
- Ou a través da páxina web:  
[www.cooperativasdegalicia.coop](http://www.cooperativasdegalicia.coop)



“As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”

**XORNADA TÉCNICA**  
sobre a modificación da Lei de cooperativas de Galicia e a súa adaptación ao novo marco legal



XUNTA DE GALICIA

# Xornada técnica sobre a modificación da Lei de cooperativas de Galicia

A Dirección Xeral de Relacións Laborais da **Consellería de Traballo e Benestar**, en colaboración coas asociacións representativas do cooperativismo, está impulsando a celebración do Ano Internacional das Cooperativas mediante a organización de distintas actividades divulgativas, entre as que se atopa esta xornada técnica.

A xornada ten como finalidade que os destinatarios da recente modificación legal operada na regulación das cooperativas galegas, coñezan directamente e de primeira man os motivos que aconsellaron o cambio normativo, así como a filosofía e características máis salientables da Lei 14/2011, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

A temática que se abordará, de plena actualidade, incide especialmente nos cambios motivados pola aplicación da nova normativa contable (NIC-32 e Orden EHA/3360/2010) ás cooperativas e a conveniencia, ou non, de introducir cambios nos estatutos sociais co obxecto de evitar ou minimizar os aspectos negativos que levan aparellados.

Para acadar este fin, contarase coa destacada presenza de expertos de recoñecido prestixio no ámbito contable e xurídico, tanto no ámbito da docencia como no do exercicio profesional.

**Mércores, 2 de maio de 2012**

## Programa

09.30

Recepción de asistentes

09.45

Inauguración e presentación da modificación normativa: Consellería de Traballo e Benestar.

10.00

Aspectos xerais e societarios da Lei 14/2011:  
• **Manuel Pérez Losada**, encargado do Rexistro Central de Cooperativas.

10.45

Relatorio sobre a adaptación do réxime económico das cooperativas ao novo marco contable:  
• **Fernando Polo Garrido**, Profesor Titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universitat Politècnica de Valencia e membro do Grupo de Traballo do ICAC para a elaboración das normas sobre aspectos contables das sociedades cooperativas.

11.45

Pausa Café

12.15

Mesa redonda sobre o alcance e significado da modificación legal :

Modera:

- **Xoan Miguel Concheiro Abal**, subdirector xeral de Cooperativas e Economía Social.

Participan:

- **Miguel Saenz de Viteri**, avogado en exercicio.
- **Manuel Botana Agra**, catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela e Director do Centro de Estudos Cooperativos.
- **Primitivo Ferro Rivadulla**, avogado en exercicio.
- **Manuel Pérez Losada**, encargado do Rexistro Central de Cooperativas.

14.00

Remate da xornada

Salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4

15707 Santiago de Compostela

